

MI ILUSTRÍSIMO AMIGO

1609

Paula Cons, 2025

ESTREA EN NUMAX: 10.10.2025 | V.O. | +7 | 82 min

No século XIX, Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós viven a súa apaixonante historia de amor e creatividade. Emilia, unha muller adiantada ao seu tempo, escribe sobre temas controvertidos mentres desafia as normas sociais, e Benito, recoñecido pola súa naturalidade literaria, encontra en Emilia unha musa. Nas apaixonadas cartas que intercambian, as súas palabras convértense na clave da súa conexión e desafían as barreiras do convencional e o establecido. O filme está especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero polo ICAA.

A sesión do venres 10 contará con presentación e coloquio da súa autora, Paula Cons.



Entrevista con Paula Cons: «Reivindico que as clases obreiras fagamos cine»

Por Paula Antón

Como nace a idea de *Mi ilustrísimo amigo*? Eu non arranquei este proxecto, veume de encargo, pero a historia pégame mogollón. Ten unha protagonista feminina forte, está baseada en feitos reais e a historia é marabillosa. Emilia alucíname en todos os sentidos, pero Benito... Se leramos máis a Benito, moi diferente nos iría neste país.

Que descubriu destes personaxes? Descubrí as persoas. Aínda que son dous dos maiores literatos da nosa historia e as cartas son unha pasada, ao final son persoas sentindo e vivindo como boamente poden fronte as circunstancias. Intentei conectarme máis con esa parte, coa Emilia muller do século XIX, aínda que Emilia aínda é moderna hoxe. Como vive a súa sexualidade, o seu corpo, o amor, a vida. Paréceme que ten moitas leccións para que escoitemos.

Que opina sobre esa inimizade da que sempre se falou entre Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro? Eu non sei moito, non sou nada experta no tema, pero habería que ver se tamén esa inimizade se viu un pouco promovida por Manuel Murguía. Non entendo esta manía de enfrontarnos ás mulleres. Emilia é unha privilexiada. Ten unha relación coa súa criada que tamén é moi interesante para non divinizala. É un ser de carne e óso que a caga e que mira por enriba do ombreiro e que ás veces non se dá conta do lugar de regalía que ocupa.

As súas historias, malia ter un gran trasfondo, chegan moito ao espectador. Eu intento ser honesta cando teño a historia diante. Interésame moito conectar co espectador, pero ao mesmo tempo busco non facer algo facilón, pero o lugar desde o que chego eu ao cine non é elevado. Son moi reivindicadora de que as clases obreiras fagamos cine. Son unha muller de clase obreira, que non cheguei ao cine cando eu quixen, senón cando puiden, cando me deixou a sociedade. Entón narras dende o que es. Interésame moito a opinión da miña nai cando vai ao cine, sempre lle pido que me faga unha crítica e alucino coa análise tan certa que fai sempre.

Tardou en chegar, pero conseguíuno. Que lle diría ás mulleres que están loitando por un oco no audiovisual? Eu son titora de guión e encántame traballar con mulleres para transmitirles todo o que me gustaría que me tivesen dito a min. Agardaría que a estas alturas cresen máis en si mesmas, tivesen máis confianza. E vexo que non, que o sistema está deseñado para baixalas, calalas, para que sexan tímidas, inseguras. Eu sempre lles insisto moito en que confíen na súa propia visión.

Que película lle tería gustado dirixir? Cal non! Moitísimas. O que si diría é que sería unha película dirixida por unha muller. Estiven 30 anos vendo películas feitas por homes, aceptando que esas historias, ese xeito de verme a min como muller, tiña que asumilo. De súpeto chega unha muller e fala e mira coma min, desde o mesmo lugar, e iso apélame moitísimo máis.

Cara a onde van os seus próximos traballos? Os proxectos que teño en carteira son moi políticos. Estou coescribindo unha historia na que Victoria Teijeiro, unha das protas d' *A illa das mentiras* e Antonio Resines serán os protagonistas. É unha peli que quere ser ambiciosa e trepidante. Chámase *Gloria e Olvido*, ata aí podo ler.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Cartas inéditas,
Benito Pérez Galdós.
Renacimiento

"Miquiño mío",
Emilia Pardo Bazán.
Turner